

RELATO: MIRANDO LOIRO CON OUTROS OLLOS

Son Manuel Fernández Pérez, oriundo de Loiro e o impulsor detrás da Asociación Loiro na Memoria.

No meu retorno de Suíza, atopeime nunha situación desafiante: coidar do meu pai e afrontar o diagnóstico dunha discapacidade visual importante. Esta circunstancia levoume a reflexionar sobre como podía contribuír tanto ao meu propio benestar como ao do meu pobo natal. Sen pensalo moito, inicieime na busca da minha árbore xenealóxico, descubrindo así as historias persoais dos habitantes do meu pobo, unha actividade que se converteu na miña paixón.

Así comezou a miña inmersión na busca de rexistros fotográficos por todo o pobo e a xestación dunha idea que era fundar unha asociación. Agora tiñamos un propósito claro.

Dímonos conta de que tiñamos material suficiente para unha exposición temporal e, coa colaboración do alcalde dese entón, creamos paneis, pero sentíamos que a presentación era demasiado sinxela e as fotos carecían dun fío condutor narrativo. Eran imaxes soltas. Para mellorar a exhibición, buscáronse aparellos e utensilios para decorar o espazo.



En decembro de 2018, inauguramos a mostra, captando a atención dos habitantes e emigrantes veraneantes, especialmente os procedentes de Arxentina, emocionados ao ver aos seus antepasados. Isto motivou á comunidade a contribuír con máis fotos, abrindo as portas das súas casas e desenterrando recordos, textiles e curiosidades, incluso rescatando un túmulo funerario do século pasado, posiblemente o único de Galicia en bo estado.



Co éxito da exposición, conversouse co Concello para crear unha exhibición permanente, consolidando así a narrativa da nosa historia.

Recentemente, ampliamos a exposición para incluír os últimos 20 anos do século XX, complementando con obxectos cotiáns como xoguetes, aparellos electrónicos e electrodomésticos. Estes elementos transpórtanos a un pasado anorado, unha infancia agarimosa na que aínda non éramos órfáns da conexión humana, antes de que a tecnoloxía nos desconectara.

Convídoos a explorar as vivencias do noso pobo a través da fotografía, a conexión coa historia e a familia.

www.turismobarbadas.com · instagram: www.instagram.com/loironamemoria

